

Manuel Rivas: «Son un home de gustos domésticos, de café, pan e música»

[Sandra Faginas](#)

O escritor, que vén de publicar *As voces baixas*, abre a Extra Voz as portas do seu mundo cotián
09 dic 2012

Manuel Rivas (A Coruña, 24 de outubro de 1957) é un ser magnético. Cando cruza a porta do bar La Barra, na Coruña, un deses lugares «psicoxeográficos» nos que el desenvolve o oficio da escrita, o espazo físico recomponse nunha atmosfera abaneante. Ten cada vez máis un aire valleinclanesco, con lentes redondos, pantalón de pana e un reloxo parado no tempo da deshora. Manolo atrae a mirada da xente con esa aura sedutora de escritor universal e con ese afecto doméstico que coida nos detalles da rutina. Saúda ao camareiro cunha aperta de mans e danos a benvida deixándonos percorrer con el o seu mundo cotián que el configurou a maneira joyciana, en círculos concéntricos abertos desde o máis íntimo. Manolo fala con metáforas. A súa é unha realidade de silencios verdes. Chama polo nome aos vagamundos que teñen a lingua de Max Estrella e salfire anécdotas mentres nos permite asomarnos, nunha viaxe persoal pola cidade, ao seu gusto pola vida. Os seus praceres son o fútbol de Messi, a música de John Cale, The Clash ou Schubert, o pan de centeo, o sendeirismo, o baile... e por riba deles o goce da literatura entendida como «un mester orgánico». Rivas escribe como respira, en calquera situación e baixo calquera condición e dun xeito ilimitado, camiñando cara ao xardín de San Carlos («o seu cuarto»), tomando un zume de laranxa no Dársena ou comprando raia e navallas en San Agustín. O escritor triunfa no mercado. Alí vese a todas esas «caras normais» que el descobre coa chisteira das súas mans de carpinteiro. A realidade transformouse nun fado vadio. Sáelle ao encontro cando unha muller berra espontánea: «¡Ay, me encanta el padre, pero si viene su hijo Martín, me muero!». Manolo escacha a rir. E a ironía estoupa nel cun aceno onomatopéico que sobrevoa a mañá: «Boh!»

-Manuel Rivas e Manuel Barrós eran os seus avós. Tiña o nome predestinado. Pero, vendo as fotografías do seu último libro, parece máis Barrós que Rivas.

-Si, o nome tiña que ser ese! Parézome moito a miña nai, teño a mesma cara dela, os ollos, pero son un híbrido. No carácter teño moito do Rivas, sobre todo nesa forma del de manifestar a ironía como unha resistencia.

-É, como a súa nai, un animal «verbívoro»? Fala só?

-Si, si. Cada vez sorpréndome máis falando só pola rúa, e digo: «¡Rivas, non te enteraches de nada, ías andando pola rúa». Para min falar ademais é parte da escrita. Escribo moito a man,

moito en papel, pero para min o momento definitivo da escrita é despois da primeira versión, teño que imprimir. Preciso moito espazo, igual que os labradores cando plantan esa mestura de millo e no medio as fabas, eu tamén teño que deixar bastante branco. E o momento máis importante da escrita é ese, entón comeza o traballo que non é só escribir, para min a caligrafía é tamén facer debuxos, mapas, topografías dos lugares, signos, animais... Fago trazos, unha especie de escrita antiga, xeroglífica.

-E séguese ao pé da letra?

-Que va! Pero o propio feito de facelos me resulta divertido. É como a anguria do papel en branco, eu nada! Ata esta mesa, mesmo se me deixan un lapis, mira ti, canto espazo aberto para deambular. No fondo escribir é iso, vagabundear. É sobre todo unha descuberta, unha viaxe ao descoñecido, aí funciona moi ben o dobre sentido da palabra latina inventio, por unha parte é «invención» e por outra é «descuberta».

-Vén a este café a diario?

-Si, eu coñezo a Xulio, o dono, desde rapaz. Tiñan La Barra antes, ao lado do Rosalía, e as mesas son as mesmas. Para min é un dos sitios de referencia, igual que ese círculo que é o xardín de San Carlos, vou moito alí e á súa biblioteca, ou ao Dársena. Gústame oír os murmurios para escribir, quizais teña que ver coa experiencia da redacción do xornal e a propia casa. Daquela non había esta idea do teu cuarto, era todo un espazo. Eu aprendín a estudar e ler no medio do balbordo. Paréceme estimulante. Resúltanme suxestivos. Pero gústame ter o propio tobo, e ese lugar é a casa da aldea, en Soneira. Alí remato as miñas novelas, como animal solitario, como un Simbad que despois de navegar ten que parar.

-E cómo é ese proceso? Escribe pola noite, bebe auga, toma café...?

-Quen escribe é como un pronome, a cuarta persoa, que é singular é plural ao tempo, un elo entre o eu e o nós. Eu bebo moita auga, acompáñame a auga. En xeral, gustárame ser máis disciplinado, creo na autoxestión, pero son un mal autoxestionario. Son fillo da noite, como a curuxa, ten que ver co traballo xornalístico, e nese sentido son dos que prefiro que o sol vaia por diante. Gústame moito a ironía esa que di: «Os poetas chámanlle aurora ao amencer porque sempre se levantan tarde». Pero un tamén vai cambiando. Eu teño un fillo e unha filla, lévanse só un ano, e cando eran cativos traballaba de freelance, escribía na casa, e acompañei un pouco o seu ciclo.

-Ten algún confidente? Dá a ler os textos?

-Non sistematicamente. Non. Ás veces podo comentar algo. Digamos que vivo a miña teima en solitario.

-Que non dá o coñazo, vaia!

-[Risas]. Considero que non é un momento tan milagroso que deba paralizar as obras e sacar a alguén de clase. Si é certo que unha vez que escribo algo creo moito nas observacións da xente que non ten que ver co oficio. A mirada da xente normal...

-...que é extraordinaria.

-Efectivamente. E que ten unha mirada menos condicionada. Ás veces o que a min me parece un achado logo non funciona. Gústame neste sentido o barroquismo. A cultura popular é moi barroca fronte a idea que se adoita ter da simplicidade, non hai máis que ver os entroidos, os

mesmos contos, as asociacións surrealistas. Gústanme as asociacións imprevisibles. Buscalas. Eses fíos que hai entre as palabras.

-Le só en papel?

-Vouche contar unha anécdota. A última vez que estiven en Nova York ía pola rúa e sentía unha perturbación, non sabía o que era, ata que me decatei de que xa non hai quioscos de prensa. Custoume atopar un. Así que xa non é unha cuestión de papel si ou papel non. Un ser humano cun periódico de papel é parte da taberna, do café, crea un hábitat, ten un pouco o mundo nas mans. É un destes inventos que forman parte da natureza, igual que o libro. Non é unha cuestión tanto de avance ou modernidade, senón que está noutra dimensión. O libro e os xornais forman parte da natureza e coa súa desaparición non creo que se gañe nada, é como cando se extingue unha especie.

-O noso futuro é o pasado, non?

-Claro!, sempre se entendeu o progreso como unha multiplicación, e estamos vivindo un tempo, e isto xa é o colmo, no que o papa quita a mula e o boi do portal. Iso é subtracción! Iso é roubarlle a infancia a Xesús e mais a nós [risas]. Eu vivín unha infancia da multiplicación, do progreso, con respecto á xeración dos meus pais.

-Hai un momento no libro no que fala da poeta Luz Pozo, a súa profesora, da que todos estaban namorados. Pero vostede é consciente tamén da súa capacidade sedutora? Hai unha xeración marcada por Manolo Rivas no instituto.

-Si. Xa. Esas cousas pasan... [silencio] Agora nos institutos preguntan a ver cando levo o fillo! Eu dígolles, bueno, se escoitades e estades tranquilas! [risas].

-Como leva esa parte de pai de Martín Rivas?

-Con bastante orgullo e humor. Vas vendo que se vai facendo cada vez máis libre. Cando eran pequenos, os dous, escribín: «A casa está en ruínas, pero os meus fillos fuxiron ao bosque coa cabeza chea de paxaros». E a min o que me gusta é que voen libres, hoxe vexo con moito interese o que fan e as persoas que son. Realmente non me sinto personaxe. Ás veces hai situacións nas que podes sentirte un personaxe, pero nesa pulsión popular, neste sentido da cultura popular de que a vida é un entroido e o entroido é unha segunda vida, que é marabilloso tamén. Faime ver estas cousas como o que teñen de xogo.

-É un home de rutinas?

-Ando bastante metido nunha sensación de carrusel, por outra parte, son un home de hábitos domésticos, gústame ler o xornal tomando o café, tocar o pan, mercar o pan. Apañar as noces, andar, sigo o fútbol, aínda que non son socio do Dépor, pero si do Relámpago de Elviña, meu fillo xogou nel. E logo gústanme todos os vicios clásicos: fumar, beber... [risas]. Agora apenas fumo, só nas celebracións. E cando me gusta unha música, escóitola todo o tempo.

-Que escoita?

-Gústame John Cale, e podo pasar sen transición nin trauma do punk, The Clash, a Schubert sempre que me transmita emoción ou conmoción. O que pasa é que despois son unha persoa doada de arrastrar, sabes? Son curioso. Non busco líos, pero pásame como a Kafka, véñenme a buscar, visítanme. Acabo sempre enredado nas cousas máis inesperadas.

-É optimista?

-Si. Por máis que hai xente apocalíptica. Un amigo meu, que ten unha taberna en Fisterra, contábame que ao pouco de ser o do Casón, unha vez tiveron que parar o coche de liña porque a xente empezou a berrar alarmada: «É outra catástrofe, aí, Dios mío! Ese lume». Ata que alguén dixo: «¡Pero se o pór do sol!». Eu por máis que queira non me sae o apocalipse. En todo caso son apocalíptico [risas].

O último libro de Manuel Rivas, *As voces baixas*, é un canto á infancia e á memoria, un conxunto de relatos autobiográficos que se adentran no Rivas familiar, o primeiro colexio, o instituto de Monelos, Monte Alto, Elviña, a irmá falecida, a detención por parte da policía nos anos de Madrid e os primeiros contactos co xornalismo. Unha profesión que Rivas pon en valor no contexto de crise:

-Cando eu era meritorio no xornal había unha dimensión moi grande de esperanza. Pero agora temos os depósitos baleiros. Hai unha cousa clara: a información xustamente neste tempo é máis necesaria que nunca. Temos moito ruído, pero o que máis botamos de menos é a información. Para min é como as cousas que levaban as mulleres na cabeza: o leite, o pan, a auga, a leña... E a demanda dese ben existe. Pero aos xornalistas fáltanos confianza. En parte somos nós os que nos disparamos aos pés. Estamos desnortados. É un problema tamén de estima, e de saber que ese ben é necesario e que temos que contribuír a ese ben. Seguro que, doutro xeito, cambiarán as ferramentas, pero a demanda do ben é máis grande que nunca.

-Non diga entón que fixo o horóscopo do xornal...

-[Risas]. Iso si que é compromiso! Faime moita graza cando falan iso do escritor comprometido, perdoa, pero comprometidos son todos. Xa me dirás se non é compromiso escribir as Cincuenta sombras de Grey! Compromiso é unha novela do Far West ou unha folla parroquial. E o horóscopo, ademais de compromiso, é un atrevemento!

-Di vostede que os mortos aínda non cren no mundo virtual...

-Polo momento non, prefiren o papel. Hai xeitos de ler o xornal, fíxate. Normalmente a xente le o periódico ao revés porque vai avanzando desde o verosímil. O que está claro está ao final: a morte e a información de televisión, as parrillas. E o da primeira páxina, xa veremos... [risas].

-Que difícil é transmitir a ironía, non?

-Eu a verdade non entendo a literatura hoxe sen ironía. Igual que noutro tempo a literatura non se puido entender sen a épica. E neste tempo de subtracción hai tamén unha perda da ironía. Vivimos un momento da linguaxe patética. Realmente penso que é a peor crise. As palabras serven para facer unha guerra, pero tamén para parala. Definitivamente cando dicimos: imos parar, dise con palabras.

-Ten algunha palabra clave?

-Gústanme as que teñen que ver coa natureza, cos nomes das árbores, dos insectos. Tamén as palabras do maldizer, do escarnio. E aquelas, como marabilla ou enigma, nas que parece que vai pasar algo. Hai unha expresión que me gusta e que poño no libro: «Que rebenten as marabillas do mundo!». Pero tamén lembro a un mendigo, que se chamaba Guillerme, que un día de vento pasou unha señora con todo o pelo alborotado e díxolle: «Que ben capeas o temporal, nena!» [risas]. El fora mariñeiro e un día veume pasar e espetoume: «Manolo, a ver cando escribes un best seller!, iso da literatura galega está ben, pero a ver cando escribes un best seller!». Así que non sei, pero teño xa pensado un libro que se titule: «Manolo, escribe un best seller».

-Nesa busca do «best seller» [risos]... dígame se se obsesiona coa palabra precisa, coa que provoque emoción.

-Escribir é un oficio, mira que próximos están texto e téxtil. Pero si hai claves, golpes de mar. Eu chámolle así. Nabokov falaba de saltos de cabalo. Son expresións ou grupos de palabras que introducen, que abren outra perspectiva. Non son necesariamente buscadas, pero abren un cadeado. É un momento marabilloso no que pasas dun lado a outro. Pode ser unha frase moi ocorrente como unha onomatopea.

-Yolanda Castaño comentaba nunha entrevista que aínda prevalece un modelo estético para as escritoras. E para os escritores? A súa imaxe é traballada?

-Ando con gafas porque teño o pecado da presbicia [risas]. Eu non seguí xamais unha estratexia. Ás veces estás condicionado, pero eu loito contra os condicionamentos. Se hai unha palabra que me tatuaría sería liberdade.